

ACORDO DE PRÓRROGA AO CONVENIO DE COLABORACIÓN EDUCATIVA ENTRE A CONSELLERÍA DE SANIDADE, O SERVIZO GALEGO DE SAÚDE, A AXENCIA GALEGA PARA A XESTIÓN DO COÑECEMENTO EN SAÚDE E A UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA PARA A REALIZACIÓN DE PRÁCTICAS EXTERNAS DOS ESTUDOS OFICIAIS DE GRAO E MÁSTER UNIVERSITARIO

MEMORIA XUSTIFICATIVA

O xerente do Servizo Galego de Saúde, **DECLARA:**

A Consellería de Sanidade, o Servizo Galego de Saúde e a Axencia Galega para a Xestión do Coñecemento en Saúde formalizaron o 14.10.2025 xunto con Galaria, Empresa Pública de Servizos Sanitarios, S.A. (previa adhesión da mesma ao convenio inicialmente asinado), e a Universidade da Santiago de Compostela (en adiante, USC) o acordo de prórroga indicado.

O convenio que agora se prorroga ten por obxecto establecer a forma e as condicións de cooperación entre as partes para a realización de prácticas externas dos estudos oficiais de grao e máster universitario nos centros e servizos asistenciais ou unidades administrativas que o Servizo Galego de Saúde ou a Consellería de Sanidade e mais Galaria, no ámbito das súas competencias, puxeran a disposición para tal fin. Por medio do acordo agora formalizado prorrogase o convenio inicial por un período de catro anos adicionais, de xeito que estará vixente ata o 5 de novembro do 2029, manténdose inalteradas o resto das cláusulas contidas no mesmo e nas súas adendas.

A devandita formación práctica terá como obxectivo o coñecemento por parte do alumnado da metodoloxía e técnicas do campo da titulación correspondente a través do aproveitamento da experiencia dos entes asinantes, en áreas operativas relacionadas coa súa formación universitaria, promovendo o desenvolvemento profesional e o acceso ao mercado laboral dos futuros titulados e tituladas.

Así pois, os intereses converxentes das mesmas exclúen o ánimo de lucro, e non poden satisfacerse axeitadamente mediante a celebración dun contrato dos contemplados na Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, ou doutro instrumento alleo á natureza estritamente convencional.

En atención ao exposto, e a fin de dar cumprimento ao preceptuado no artigo 15.2 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, estimouse xustificado o recurso á sinatura do instrumento convencional, con exclusión doutras figuras.

E para que conste, asíñase esta memoria, en Santiago de Compostela.

